

Reunido o xurado do **X Certame de Matmonólogos da XIII Feira Matemática 2019**, formado por:

Presidente: Dna. Marisol Pérez Blanco, Profesora de Matemáticas.

Dna. Isabel Miguélez Pose, Profesora de Matemáticas.

D. Santiago López Arca, Profesor de Matemáticas.

Secretaria: Dna. Carmen Peñamaría Ramón, Profesora de Matemáticas.

Decidiu outorgar os seguintes premios:

Categoría: Segundo ciclo da ESO e Bacharelato

“O Cochito”

Autor: **Miguel Blanco Mouzo**, alumno de 3º curso de E.S.O. do **CPI As Revoltas** (Cabana de Bergantiños).

Categoría: Adultos

“Cartografía”

Autor: **Jesús Blanco Pose** (Cabana de Bergantiños).

Categoría: Obra máis votada na web

“+ 0 - Total=Da”


Autor: **Enrique Pérez Nieto**, de Carballo.

En A Coruña, a 30 de marzo de 2019

Dna. Marisol Pérez Blanco



Dna. Carmen Peñamaría Ramón



“O Cochito” (Miguel Blanco Mouzo)

Boas tardes, chámome Miguel, teño 15 anos e son un condutor novel, non, non teño un premio da Academia Sueca, teño unha ele. Hai uns meses pedinlle aos meus pais unha moto, eles aplicando non sei cal lóxica matemática van e cómpranme un sincarné. Gran nome, coche sin carné, nin é un coche nin se pode conducir sin carné. Para conducilo tes que ter o permiso AM, haino de varias clases, cal credes que decidíu meu pai, ese que non me quixo comprar a moto... que sacase o carné de moto con marchas. Chego ao exame, debo evitar a intersección das dúas circunferencias que estou a desprazar cos segmentos laterais paralelos entre si e distanciados moi pouco a ollos do examinando, total que fun moi lento e pisei a liña coa roda de atrás, suspenso. Chamei a meu pai, quedou como se alguén lle dixese que o teorema de Pitágoras é falso, sí papá sí, existe o aprobado e o suspenso. Levo un par de edicións deste concurso gañadas e estou perfectamente preparado para perdelo, éxito-fracaso, cero-un, o máis normal do mundo. Aproveito para recordaros aos máis novos que é unha burrada pensar que tiña un 50% de posibilidades de suspender, se isto fose así e todas as cousas binarias foxen ao 50%, por exemplo o Dépor podería gañar a Champions ou non gañala, polo tanto gañaríamos unha Champions cada dous anos (o cal case é certo cos descensos).


Volvendo ao meu cochito, hainos na estrada con 160 cabalos no motor e un burro no volante, o meu no volante non leva moita cousa pero o motor é de catro cabalos, dous negros e dous brancos, e non pensedes en corceles nin en humildes percheróns, os meus son os de madeira do xadrez e hai que movelos coa man. A miña velocidade máxima é de 45 km/h, costa arriba non paso de 25. Problema do cole: “Un Sr. Sae de Madrid ás 7 da tarde e Miguel do Palexco á mesma hora, ¿onde se encontran e a qué hora?” A hora vai depender da velocidade do Sr. de Madrid pero o sitio podedes apostar pola avenida de Alfonso Molina.

O consumo do meu cochito si permite estar contento, a primeira vez que fun á gasoleneira pedín 10 euros e tireume o gasoil por fora, e con iso andas todo o mes, eu creo que se propulsa co seu propio ruído.

Remato xa falando de volumes e dando a razón a todos os que se intentan meter comigo porque eles teñen unha TZR, na que non poden nin gardar o casco e eu levo a bolsa do fútbol, a gaita e o tambor e me sobra sitio para levar a un amigo, chova ou non, ¿chover en Galicia?

Marcho a velocidade cochito, se desexan aplaudir tardarei moito en irme pero non se molesten porque co ruído non poderei oír nada, moitas grazas..





“Cartografía” (Jesús Blanco Pose)

Boas tardes, eu púxenlle de nome a este monólogo cartografía. Moitos de vós xa estivéchedes nos stands pintando países co menor número de cores, vendo que é imposible representar a Terra, que é unha esfera, nun papel plano sen adulterar información. Xa coñecedes, algúns, diversas proxeccións cartográficas, xa vos sona un tal Mercator. Xa víchedes a cantidade de cousas que se poden representar co Geogebra, xa levades tanto visto na Feira que eu non vou intentar aportar nada novo. Vou contarvos algunha experiencia cos GPS, uns aparellos que usábamos algúns en lugar dos iPhone, e incluso cunha cousa que chamábamos mapa de carreteras, que era de papel e non falaba.

O primeiro que tiña que facer un GPS era localizar satélites... (o monologuista baixa con dificultade a ventanilla) Isto era a manivela que baixaba a ventanilla... (o monologuista move o GPS) E cando por fin xa funcionaba vías un mapa que che dicía que estabas na porta do último hotel no que estiveches en Zaragoza cando o que ti queres e ir do Palexco ao Marineda.

Unha vez que o aparello funciona e lle indicas a ruta ofréceche varias opcións, unha delas é camiño mais curto, NON O COLLADES!, para ir de aquí ao castelo de San Antón levaríavos polo fondo do mar, un día a min meteume no Camiño de Santiago nunha pista de monte de metro e medio de ancho.


Tamén teñen personalidade propia, o meu coche trae un, ás veces póñolle outro se imos lonxe, e a miña muller consulta o do seu teléfono. Podedes crer que sempre dan tres opcións distintas?

Houbo unha señora maior en Bélxica que querendo ir a Bruxelas a 32 km da súa casa acabou en Croacia a 1450 km. Vía que os sinais da estrada ían cambiando de idioma pero ela, erre que erre, seguiu obedecendo ao Sr. do GPS 12 horas, ata chegar a Zagreb.

Vouvos falar un pouco de cando non tínhamos GPS e usábamos mapas de papel (o monologuista comeza a abrir un mapa precisando axuda do público) Os máis vellos saben de que falo, 1 metro cuadrado de papel absolutamente inabarcable. Imposible de abrir dentro do coche, sempre o dobrabas por onde che conviña e ao rematar a viaxe en vez dun mapa tiñas un triángulo de Sierpinski todo cheo de buratos.

En vez da voz do GPS eu contaba coa voz da miña Sra. Esposa, que anda por aí, algúns coñecédela. Tínhamos un sistema infalible, ela interpretaba o mapa e me indicaba... Esquerda! Eu collía dereita e acertabamos nun noventa e moitos por cento dos casos.






Cando entrabas nas cidades a cousa empeoraba, despois de 50 minutos pelexando para encontrar o teu hotel cando por fin chegabas era na beirarrúa de enfrente, con mediana, e para dar a volta gastabas outros 40 minutos. O único bo era que se non dabas chegado ao hotel sempre podías usar o mapa de manta.

Eu tiña un mapa de Galicia, un de España, un de Francia, un de Italia e un de Europa Occidental, ademáis dun plano de Madrid, levaba papel para escribir Os Elementos de Euclides catro veces. Aínda así se ías a Asturias e collías os mapas ían saíndo por esta orde: primeiro o de Madrid, despois o de Francia, despois o de Italia, despois o de Galicia e por último o de Europa... si, si, sei que dixen que tiña un de España, pero xusto cando che fai falla recordas que llo prestaches a semana pasada a teu irmán. De todas formas ti collías con optimismo e marchabas para Asturias.

(o monologuista fai que conduce e leva alguén ao lado) Cariño aí pon Benvidos a Zagreb, segura de que aínda non chegamos ao cruce dos Lagos de Covadonga?

Moitas grazas.





“+ 0 - Total=Da” (Enrique Pérez Nieto)

Es de primero, o sea: cero. Que no hay problema que no encuentre solución, y así, este galimatías, llamesmolo ecuación; aunque un poco largo, dejo a tu interpretación el dejarlo, dejarla en este caso, hablando de ella como por ella, la ecuación él, el problema ella, pueda que no tenga solución y no por ello, no encuentre salvación. Tanto para ella, tan distinta y pintoresca, de geometrica resuelta y resuelto dilema, o no. Resultando: como para él, ella, x, @, *, pi... Total=Da a, e, i, o, u, que burrico yo, borriquito tú, que sumes o restes que no hay multiplicación ni división, que los separe.

Álgebra vaya por delante, Cálculo como determinante. Y son razón. O sí, el misterio entre números y letras, camino del infinito, sobre lo finito.

Coeficiente, arriba, resultante abajo.

Conjutas haberlas hailas, y mientras el hombre pise tierra, su cabeza seguirá mirando el cielo, de la inclemencia.

Pues eso, salud y paz...ciencia.

¡Dios! ¡El examen!

